COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS DENTAIS DE GALICIA
8 de xuño de 2021
REXISTRO SAÍDA Nº 135

NOTA INFORMATIVA Nº 3/2021

NOVIDADES DO R.D-LEI 11/2021, DE 27 DE MAIO, SOBRE MEDIDAS URXENTES PARA A DEFENSA DO EMPREGO, A REACTIVACION ECONÓMICA E A PROTECCION DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS

Con data de 28 de maio de 2021 publicouse no BOE o **Real Decreto-lei 11/2021, do 27 de maio**, sobre medidas urxente para a defensa do emprego, a reactivación económica e aprotección dos traballadores autónomos, polo que se establecen os termos da quinta prórroga dos ERTE prolongando a súa duración catro meses máis, **ata o 30 de setembro de 2021.**

Apróbase tamén a prórroga das medidas extraordinarias en materia de cotización, aínda que conleva unha variación na procentaxe das exoneracións recoñecidas a cada tipo de ERTE.

Resumidamente expóñense as cuestións máis relevantes do R.D-lei:

1. ERTE BASEADOS NUNHA CAUSA DE FORZA MAIOR RELACIONADA COA COVID-19 ATA O 30 DE SETEMBRO DE 2021

O artigo 1 da norma determina a prórroga de todos os ERTE baseados nunha causa de forza maior relacionada coa COVID-19, ata o 30 de setembro 2021, regulados no artigo 22 da Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, coa finalidade de cubrir todo o período temporal comprendido pola duración do estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro.

Deste xeito enténdense prorrogados:

- ERTE por impedimento e ERTE por limitación COVID-19.
- ERTE para sectores específicos COVID-19.

A ter en conta. Desde o 1 de xuño de 2021 e ata o 30 de setembro de 2021, resultarán aplicables aos devanditos expedientes de regulación temporal de emprego novos porcentaxes de exoneración.

Hórreo 7, 1º Esquerda. 15702 - Santiago de Compostela - A Coruña // Telf./Fax. 981 571 017
e-mail: coprodega@coprodega.es // Web: www.coprodega.es

2. ERTE CAUSAS ETOP ATA O 30 DE SETEMBRO DE 2021

Aos expedientes de regulación temporal de emprego baseados en causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción vinculadas ao COVID-19, iniciados tras a entrada en vigor da Real Decreto-lei 11/2021, do 27 de maio e ata o 30 de setembro de 2021, resultaranlles de aplicación as previsións establecidas no artigo 3 da Real Decreto-lei 30/2020, do 29 de setembro (que á súa vez remite ao artigo 23 da Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo).

Así mesmo, as previsións contidas no artigo 3.4 da Real Decreto-lei 30/2020, do 29 de setembro, continuarán sendo de aplicación, ata o 30 de setembro de 2021, aos expedientes de regulación temporal de emprego baseados en causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción vinculadas ao COVID-19 iniciados antes da entrada en vigor da Real Decreto-lei 11/2021, do 27 de maio.

3.- COMPROMISO DE MANTEMENTO DO EMREGO

Prevese a súa aplicación nos mesmos termos que no artigo 5 do RD-ley 30/2020, de 29 de setembro, de xeito que aquelas empresas que decidan aplicarse as exoneracións previstas nesta norma deberán sumar o compromiso xa adquidido outros seis meses de mantemento do emprego, que empezará a contar cando finalicen os períodos previos.

4.- PRESTACIÓN POR DESEMPREGO

O mantemento da protección do emprego prorrógase nos mesmos termos que o R.D.´lei 30/2020, de 29 de setembr, sen que sexa necesario, nos ERTE xa vixentes, a presentación dunha solicitude colectiva peante o SEPE.

5. PROHIBICIÓNS

Igualmente a limitación da realización das horas extraordinarias e a prohibición de efctuar novas externalizacións mantense ata o 30 de setembro de 2021.

Tamén se mantén a coñecida como "prohibición de despedir", facendo referencia a que, a forza maior e causas ETOP que amparan os ERTE COVID, non poderán ser consideradas como xustificativas de despido.

6.- ERTE DE LIMITACIÓN.

As empresas ou entidades que vexan limitado o desenvolvemento da súa actividade nalgúns dos seus centros de traballo como consecuencia de decisións ou medidas adoptadas por autoridades verán prorrogados cun novo esquema de exoneracións: se a empresa ten menos de 50 traballadores, será do 85% en xuño e xullo, e do 75% en agosto e setembro. Se a empresa ten 50 traballadores ou máis, a exención será do 75% en xuño e xullo e do 65% en agosto e setembro.

EMPRESAS CON MENOS DE 50 TRABALLADORES A 29/02/2020				
	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro
Exoneración na parte de inactividade	85%	85%	75%	75%
EMPRESAS CON MÁIS DE 50 TRABALLADORES A 29/02/2020				
	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro
Exoneración na parte de inactividade	75%	75%	65%	65%

7.- ERTE DE IMPEDIMENTO.

As empresas que vexan impedido o desenvolvemento da súa actividade no próximos catro meses nalgún dos seus centros de traballo como consecuencia das restricións administrativas para loitar contra a pandemia poderán solicitar un " ERTE de impedimento". Estas empresas terán unha exoneración nas súas cotizacións á Seguridade Social durante o período de peche e ata o 30 de setembro 2021, que será do 100% da achega empresarial durante o período de peche se teñen menos de 50 traballadores e do 90% se teñen 50 traballadores ou máis.

EMPRESAS CON MENOS DE 50 TRABALLADORES A 29/02/2020				
	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro
Exoneración durante o peche	100%	100%	100%	100%

EMPRESAS CON MÁIS DE 50 TRABALLADORES A 29/02/2020				
	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro
Exoneración durante o peche	90%	90%	90%	90%

8.- MEDIAS DE APOIO AOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS

- **Prestación extraordinaria de cese de actividade por suspensión da actividade**

Prorrógase ata o 30 de setembro de 2021 tamén a prestación extraordinaria de cese de actividade para os traballadores autónomos do 70% da súa base de cotización, cando se vexan afectados por unha suspensión temporal da súa actividade consecuencia dunha decisión das autoridades públicas para conter a pandemia.

Durante este período de suspensión, o traballador autónomo estará exonerado da obriga de cotizar, aínda que deberá permanecer en alta.

- **Prestación por cese compatible co traballo por conta propia**

Prórrógase ata o 30 de setembro de 2021, ou ata que acaden os períodos máismos de prestación do artigo 338.1 da LXSS, o percibo da prestación por cese, cuxa garantía será o 50% da base de cotización mínima que corresponda en función da actividade.

O acceso a esta prestación esixirá acreditar a disminución de máis do 50% dos seus ingresos no segundo e terceiro trimestre de 2021, en comparación co segundo e terceiro trimestre de 2019, sempre que non superen en auqel periodo os rendementos netos superiores a 7.980 euros.

- **Prestación extraordinario por cese**

Os traballadores autónomos que non podan acceder á prestación por cese eanteriormente exposta poderán acceder a outra extraordinaria, sen esixencia de carencia, e que suporá o abono do 50% da base mínima de cotización que corresponda pola actividade desenvolvida.

Deverá acreditarse uns ingresos iguais ou inferiores a 6.650 euros no segundo e terceiro trimestre de 2021, que además sexan inferioes aos ingresos do primeiro trimestre de 2020.

- Exencións de cota, incompatibles coas prestacións anteriores

Además, para aqueles traballadores que viñeran percibindo as prestacións por cese regulasas nos artigos 6 e 7 do R.D-lei 2/2021, de 26 de xaneiro, e as esgotaran, terán dereito a aplicarse exención nas cotizacións, sempre que non accedan a calquera outra prestación das mencionadas anteriormente, debendo permanecer en alta ata o 30 de setembro de 2021.

As exencións son as seguintes:

EXENCIÓNS TRABALLADORES AUTÓNOMOS			
Xuño	Xullo	Agosto	Setembro
90%	75%	50%	25%

9.- PRÓRROGA DO PLAN MECUIDA.

Prorrógase a vixencia do artigo 6 do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, no que se regula o Plan MECUIDA ata o 30 de setembro de 2021.

Un saúdo
Secretaría Técnica C.O.P.D.G.

COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS DENTAIS DE GALICIA - Lei 4/1998 do 30 de xuño